

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE MAIO DE 2026**

**PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

**ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

**INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz

**SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día vinte e seis de maio do ano dous mil vinte e seis, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE MAIO DE 2026 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 20 DE MAIO DE 2026**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinaria celebrada en data 19 de maio de 2026 e extraordinaria celebrada en data 20 de maio de 2026, das que se entregaron copias coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria realizada en data 19 de maio de 2026 e da sesión extraordinaria realizada en data 20 de maio de 2026.

### **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

Non se dá conta de ningún/ningunha.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 15 ao 21 de maio 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 378/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 394/2026, segundo se relacionan a continuación:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
378/2026	15-05-2026	Comparecer no procedemento abreviado PA 229/2025, expediente administrativo con motivo da interposición do recurso por Instelec, S.L. contra o Concello de Cambre perante o Tribunal de Instancia da Sección do Contencioso-Administrativo Praza número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á asesoría xurídica da excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais
379/2026	15-05-2026	Nomear a PVR técnico de administración xeral interino adscrito á área de Urbanismo e Réxime Interior, encadrado na escala de administración xeral, subescala técnica, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A-1" por substitución transitoria da persoa titular do posto FMGN, de conformidade co art. 23.2 b) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia
380/2026	15-05-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de maio de 2026
381/2026	15-05-2026	Rectificar o apartado primeiro da parte dispositiva da Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 379/2026, do 15 de maio, en canto ao seu apelido
382/2026	18-05-2026	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 21 de maio de 2026
383/2026	19-05-2026	Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal con data 18 de maio de 2026. Dispoñer que continúe o procedemento para a adxudicación da prórroga do contrato de emerxencia do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais
384/2026	19-05-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de maio de 2026
385/2026	20-05-2026	Tomar coñecemento de que as cinzas de JABR falecido o día 18 de abril de 2026, foron depositadas na urna perimetral sinalada co número 34, letra B no cemiterio municipal de Cambre en data 21 de abril de 2026
386/2026	20-05-2026	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas e nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de novembro de 2025, isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo,

		polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
387/2026	20-05-2026	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional ás persoas e nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de novembro de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
388/2026	20-05-2026	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así como o seu pagamento de 556.614,89 euros a favor do Consorcio das Mariñas, pola taxa de recollida do lixo do cuarto trimestre de 2025
389/2026	20-05-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
390/2026	20-05-2026	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, dos 125.624,90 euros a favor de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do primeiro cuadrimestre do 2026
394/2026	21-05-2026	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, das persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de decembro de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e un minuto do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo